

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E LABORATORIOS LEO PHARMA, S.A. PARA A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA "DERMACAMPUS"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) asinou, o día 04.12.2023, coa entidade Laboratorios Leo Pharma, S.A., o instrumento convencional arriba referido, con vixencia desde o día seguinte ao da súa firma ata o 31 de decembro de 2023, salvo denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada.

O convenio contempla a posibilidade de prórroga de común acordo cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto o aconsellen. En caso de prórroga, debería formalizarse por escrito.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Realizar a actividade formativa en liña "DERMACAMPUS", formación actualizada en enfermidades dermatolóxicas para médicos de atención primaria e pediatras.

Esta actividade desenvólvese no último trimestre de 2023, cunha duración de 10 horas e trata, entre outros, contidos relacionados coas infeccións cutáneas (psoriase, dermatites seborreica, lesións ampollosas autoinmunes, urticaria e anxioedema, dermatite atópica...), outras infeccións (bacterianas, micóticas, víricas ou por parasitos), lesións por radiacións solares, acne, alopecia,...etc

Coa finalidade de lograr o devandito obxecto, Laboratorios LEO Pharma, S.A., comprometeuse a realizar unha achega económica a ACIS de dous mil catrocentos euros (2.400 €)

Pola súa banda, ACIS comprometeuse a difundir a participación de LEO Pharma, S.A. na actividade como entidade colaboradora.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do

Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Laboratorios LEO Pharma, S.A. é unha entidade privada dedicada á investigación e desenvolvemento, importación, distribución e venda de produtos farmacéuticos, dermatolóxicos, cosméticos e en xeral produtos para o coidado da saúde, incluíndo saúde de animais, así como as súas materias primas.

O convenio formalizouse ao amparo do establecido no artigo 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que *"As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia."* e, de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os *"Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral"* e en cuxo apartado 1 establécese que *"Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos."*

A finalidade do convenio é realizar unha actividade formativa en liña "DERMACAMPUS", formación actualizada en enfermidades dermatolóxicas para médicos de atención primaria e pediatras: para mellorar o diagnóstico de patoloxías dermatolóxicas, optimizar procesos de derivación á atención hospitalaria e permitir o establecemento de ferramentas de comunicación entre diferentes profesionais sanitarios e lograr unha maior adherencia aos tratamentos e unha maior seguridade para os nosos pacientes.

As partes están interesadas en colaborar coa finalidade de que o Programa formativo en liña DERMACAMPUS permita formar ao maior número de profesionais de atención primaria e pediatría na patoloxía dermatolóxica que maiormente ven no seu día a día nas súas consultas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei



9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

